



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

### **RESOLUCIÓN 222/2017**

MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Outes (A Coruña),

#### **EXPOÑO:**

Vista a necesidade do Concello de proceder á contratación de un/unha técnico/a de normalización lingüística, debido á baixa causada pola súa titular;

Visto o informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para levar a cabo a contratación do persoal laboral temporal;

Visto o certificado de existencia de crédito expedido pola Intervención;

#### **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases e proceder á correspondente convocatoria para a contratación arriba referida.

SEGUNDO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local da presente resolución, para a súa ratificación, na primeira sesión que se celebre con posterioridade.

TERCEIRO.- Proceder á publicación do presente proceso na páxina web e no taboleiro de edictos municipal.

Outes, a 10 de outubro de 2017.

A Alcaldesa-Presidenta

Asdo.- María Beatriz Molinos Vidal



**BASES DE CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE TÉCNICO/A DE  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

**1. Obxecto da convocatoria.**

Selección por medio de concurso de un técnico de normalización lingüística.

**2. Número de postos de traballo.**

Un (1).

**3. Tipo do contrato.**

Laboral temporal, con dedicación a xornada completa e con vixencia ata o 31 de decembro do 2017.

**4. Requisitos.**

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) ser cidadáns españois, de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou daqueles outros países aos que, en virtude de tratados internacionais convidos coa citada Unión e ratificados por España ou por virtude de tratado internacional, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores.

b) ser maiores de idade.

c) non sufriren enfermidade ou eiva física que lles impida ou atranque o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

d) que non foran arredados do servizo a ningunha Administración pública por mor de expediente disciplinario nin estean inhabilitados para o exercicio de funcións públicas.

e) Estar en posesión do título de licenciado en filoloxía galega-portuguesa, filoloxía galega ou filoloxía hispánica (Subsección galego-portugués), con Grao en Lingua galega, ou título en calquera outra licenciatura/grao sempre que dispoña do Celga 5.



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

f) Non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (artigo 13, apartado 5 da lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia)

### **5. Solicitudes.**

As persoas interesadas deberán dirixir as súas solicitudes á Alcaldía do Concello, á que achegarán copia fidedigna:

- do DNI,
- da documentación que acredita o cumprimento dos requisitos esixidos,
- e da documentación que xustifique os méritos que aleguen.

### **6. Prazo de presentación.**

**Oito (8) DÍAS HÁBILES** desde que se publique o anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios e páxina dixital da Corporación.

### **7. Admisión.**

A Alcaldía aprobará as listas provisorias de candidatos admitidos e non admitidos, que se publicará no taboleiro de edictos da Corporación así como na páxina web. Contra ela poderase presentar reclamación no prazo de tres (3) días que, se é o caso, será resolta pola Alcaldía no prazo de dous (2).

### **8. Méritos do concurso.**

a) Cursos, xornadas e seminarios de formación referentes ao posto de traballo que se convoca ou relacionados con el: ata 0,10 por curso e ata un máximo global neste apartado de 2,00 puntos.

b) Experiencia profesional en postos de traballo semellantes nas Administracións públicas: por cada ano, 0,20 puntos. A puntuación máxima por este apartado é de 2,00 punto.

c) Entrevista curricular coa finalidade de avaliar a adecuación do candidato ao posto de traballo e os seus coñecementos teóricos e prácticos en materia de normalización lingüística. Ata un máximo de 2,00 puntos. O tribunal poderá deixar fóra da convocatoria á entrevista curricular a aqueles candidatos que por mor da puntuación que á vista da puntuación que obtiveron nos outros tres apartados non teñan posibilidade de ocupar ningún dos tres primeiros postos da orde de clasificación.



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

### **9. Proposta de nomeamento e lista de candidatos.**

O tribunal ordenará os candidatos pola orde resultante da puntuación global que obteñan e proporá a contratación do primeiro deles. Cos seguintes candidatos formarase unha bolsa de traballo para a cobertura de posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas.

A proposición do tribunal e a lista de candidatos publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web corporativa.

O aspirante seleccionado presentará, previamente á súa contratación, e no prazo de cinco días naturais:

- un certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes
- unha declaración xurada de que non foron separados mediante expediente disciplinario do servizo ás Administracións públicas nin atoparse inhabilitados para o exercicio de funcións públicas
- e certificado de non ter antecedentes en materia de delitos de natureza sexual para traballar con menores.

### **10. Tribunal cualificador.**

Vogais titulares:

- Míriam Naveira Dono, Secretaria da Corporación;
- Manuela Barcia Vázquez, Interventora da Corporación;
- Berta Buján Casanova, Traballadora Social.

A primeira presidirá e a terceira desempeñará a función de secretaria do tribunal.

Vogais suplentes:

- Andrés Busto Allo, Técnico de Intervención da Corporación;
- María Dolores Santos Maneiro, Técnica de Cultura (Muros);
- Elvira García Mosquera (Directora do Centro Social de Outes).

### **11. Remuneración e formalización do contrato.**

A retribución mensual será a que figura no orzamento municipal aprobado.



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

### **12. Normativa reguladora.**

Esta convocatoria réxese, no que non prevexan estas bases, polo regulamento de selección de persoal laboral aprobado pola Corporación e polas normas reguladoras do acceso do persoal ao servizo das Administracións públicas. O contido da relación laboral réxese polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e a súa normativa complementaria.